

GAIÁS
CIDADE DA
CULTURA

— **# E A N 9**



— **IX ENCONTRO DE
ARTISTAS NOVOS
CIDADE DA CULTURA**

— DO 25 AO 29 DE AGOSTO
DE 2019. SANTIAGO DE
COMPOSTELA

— BASES E MÁIS
INFORMACIÓN EN
CIDADEDACULTURA.GAL





#EAN9. IX Encontro de Artistas Novos

**Do 25 ao 29 de agosto de 2019
Santiago de Compostela**

A Cidade da Cultura de Galicia converterase por noveno ano consecutivo nun espazo de encontro no que creadores emerxentes terán a oportunidade de dar a coñecer os seus traballos e debater ao redor da arte contemporánea durante catro días de convivencia e intercambio de coñecementos e ideas con outros axentes culturais. Será no IX Encontro de Artistas Novos, coordinado por Rafael Doctor, que se celebrará do 25 ao 29 de agosto de 2019.

O EAN busca favorecer a convivencia entre artistas emerxentes galegos e procedentes doutros lugares, ademais de poñer en contacto aos participantes con outros axentes do sector como críticos, comisarios ou xornalistas. Unha edición máis, o EAN traerá ao Gaiás artistas e creadores xa consolidados como Pilar Albarracín, as irmás Lua e Bandia Ribeiro e Nicolás Combarro para compartir as súas experiencias e reflexións ao redor da arte.

Cada un dos participantes no IX EAN realizará unha presentación pública centrada no seu traballo e proxecto creativo persoal, servindo de plataforma e escaparate das súas creacións.

O IX Encontro de Artistas Novos conta cun total de corenta prazas ás que poden optar todos aqueles profesionais nados entre 1984 e 2001 –ambos inclusive– estudantes e licenciados en Belas Artes ou afíns e todos aqueles que demostren unha traxectoria ou proxecto artístico. Seguindo a senda iniciada no V EAN, dez das 40 prazas dispoñibles estarán abertas a artistas maiores de 35 anos, que deberán reunir os mesmos requisitos que os demais candidatos. Con esta proposta, o EAN busca formular un diálogo con artistas doutras xeracións nun proceso creativo aberto.

A consecución dunha praza no IX EAN inclúe matrícula de inscrición, estancia en réxime de pensión completa, transportes diarios desde Santiago ata a Cidade da Cultura e transportes para a visita ao Marco, a Fundación Granell e o CGAC.

Programa

Xornada benvida

Domingo, 25 de agosto de 2019

16:00-20:30 h. Recepción de alumnos. Colexio Maior Fonseca
21:00 h. Cea de benvida

Xornada I

Luns, 26 de agosto de 2019

09:00 h. Almorzo
10:00-12:00h. Benvida e percorrido pola Cidade da Cultura
– María Pereira. Directora de Acción Cultural.
– Rafael Doctor. Director, IX Encontro de Artistas Novos.
12:00-13:30 h. Presentación artista invitada: Pilar Albarracín
13:30-14:30 h. Foro Aberto I (catro participantes)
14:30-16:00 h. Xantar
16:00-17:30 h. Foro Aberto II (catro participantes)
17:30-18:00 h. Descanso
18:00-19:30 h. Foro Aberto III (catro participantes)
21:30 h. Cea

Xornada II

Martes, 27 de agosto de 2019

09:00 h. Almorzo
10:00-12:00 h. Foro Aberto IV (sete participantes)
12:00-12:30 h. Descanso
12:30-14:30 h. Foro Aberto V (sete participantes)
14:30-16:00 h. Xantar
16:00-17:00 h. Presentación artista invitada: Lua Ribeira
17:00-18:00 h. Presentación artista invitada: Bandia Ribeira
18:30 h. Visita ao CGAC e á Fundación Eugenio Granell
21:30 h. Cea

Xornada III

Mércores, 28 de agosto de 2019

09:00 h. Almorzo
10:00-12:00 h. Foro Aberto VI (sete participantes)
12:00-12:30 h. Descanso
12:30-14:30 h. Foro Aberto VII (sete participantes)
14:30-16:00 h. Comida
16:00 h. Viaxe a Vigo: visita ao MARCO
21:30 h. Cea

Xornada IV

Xoves, 29 de agosto de 2019

10:00 h. Almorzo
11:00-12:00 h. Presentación artista invitado: Nicolás Combarro
12:00-12:30 h. Presentación proxecto gañador do Concurso das Torres
Hejduk do VIII EAN: *Stay Here* por Alejandro Ginés
12:30-13:00 h. Peche e entrega de diplomas
13:00h. Inauguración do proxecto gañador da intervención nas
Torres Hejduk do VIII EAN.

Biografías

Director



Rafael Doctor Roncero

Director do Centro Andaluz de Fotografía, CAF de Almería.

Historiador da arte, escritor e xestor cultural. En 1998 creou e dirixiu a revista *Apartado 14.479* e comezou a colaborar en diferentes medios de comunicación de arte contemporánea. Desde 1993 ata 2000 estará a cargo da programación da sala de exposicións do Canal de Isabel II de Madrid onde comisaria varias exposicións de fotografía contemporánea e onde porá en marcha as Jornadas de Estudio de la Imagen de la Comunidad de Madrid, que dirixirá nas súas primeiras sete edicións.

En 1997 asumirá a creación e dirección do Espacio Uno do Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía de Madrid, onde estará ata 2001 comisariando unha vintena de exposicións. Ese mesmo ano no marco da Bienal de Venecia comisaria a exposición *Ofelia y Ulises*. En torno ao arte español contemporáneo e comezará a ser o encargado da programación artística e didáctica da Casa de América de Madrid.

Desde finais de 2002 ata principios de 2009 porá en marcha e dirixirá o MUSAC, Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León.

Comisariou a *Noche en Blanco* de Madrid en 2009 e en 2010 a *Noche de la Luna Llena* de Segovia.

Desde outubro de 2009 a outubro de 2010 foi director da Fundación Santander 2016.

Desde 2011 ata a actualidade dirixe anualmente en Santiago de Compostela o Encontro de Artistas Novos Cidade da Cultura.

En todos estes anos impartiu centos de conferencias e cursos en Centros de Cultura e Universidades de España, Europa e América e foi xurado dos premios máis importantes de arte nacionais así como autor de numerosos textos para libros de arte e catálogos.

En 2003 recibiu a Medalla do Mérito Civil de parte do Ministerio de Asuntos Exteriores pola súa labor na expansión da cultura española.

É autor da novela *Masticar los tallos de las flores regaladas* (Almuzara 2006) e *La Tormenta de amor* (2013) e dos libros *Una historia (otra) de la fotografía* (Taller de Arte, 2000) e *Historias de la fotografía* (Taller de Arte, 2002).

En 2013 dirixiu a publicación *Arte Español Contemporáneo. 1992-2013* (La Fábrica), primeiro libro sobre historia da arte española deste período.

Tamén levou a cabo traballos como comisario independente, impartiu cursos e obradoiros en diferentes institucións e é creador e director da editorial Los Doscientos, centrada en libros de artista e libros de historia da fotografía. Ademais, é fundador da plataforma Capital Animal desde a que se tenta unir a cultura, a arte e o pensamento en torno á loita animalista.

Biografías

Artistas



Pilar Albarracín

Sevilla, 1968
Artista visual
www.pilaralbarracin.com

Pilar Albarracín é coñecida polas súas performances, vídeo, debuxos, fotografía e instalacións escultóricas interactivas “que se centran na construción cultural da identidade española, especialmente a da muller española.”

O traballo de Pilar Albarracín goza dunha importante presenza nacional e internacional. A súa obra presentouse en exposicións persoais nas Reales Atarazanas de Sevilla *Pilar Albarracín* (2004); La Maison Rouge París *Mortal cadencia* (2008); Musée National Pablo Picasso, *La Guerre et La Paix, Vallauri, Asnería* (2014); 2e Biennale d'Art Flamenco (2015), CAC Málaga *Ritos de fiesta y sangre* (2016), MACBA Museo de Arte Contemporáneo de Buenos Aires *Viva España* (2016).

As súas dúas últimas exposicións foron: *Pilar Albarracín*. MALLAM Contemporary Art Museum, Chiang Mai, Thailandia / Chiang Mai, Thailand, 2019 e *Que me quiten lo bailao*. Tabacalera Promoción del Arte, Madrid, 2019.

Participou en numerosas exposicións colectivas en prestixiosas institucións de todo o mundo entre as que cabe destacar o MOMA PS1 (NY) 2003, Brooklyn Museum (NY) 2008, Instituto Cultural Cabañas, México 2010, Museu Coleção Berardo 2010, American University Museum at the Katzen Arts Center Washington 2011, German Historical Museum 2012, Palazzo Reale, Milán, Kumu Art Museum, Tallin 2013, Schrin Kunsthalle Frankfurt, Guggenheim Bilbao, Louisiana Museum 2014, Moscow Museum of Modern Art 2015, Fondation Louis Vuitton París 2015, Maison Européenne de la Photographie París 2017, Musée National Picasso París 2018.

Pilar Albarracín participou tamén en numerosas bienais como a de Sevilla 2004, Venecia 2005, Moscova 2005, Santo Tomé 2008, Busan-Corea 2014 ou Quebec en 2017.



Lua Ribeira

As Pontes, 1986
Fotógrafa
luaribeira.com

Fotógrafa galega que actualmente reside no Reino Unido. En 2011, gradúase en deseño gráfico en Bau, Escola Superior de Disseny, Barcelona. Entre 2013-16 realiza a carreira de fotografía documental na Universidade do Sur de Gales. Desde entón colaborou como conferenciante en London College of Communication, University of the West of England, Coventry University e Westminster University, London.

O seu traballo foi premiado coa beca Firecracker Grant for Women in Photography 2016, Bartur Photobook Award Finalist 2016, Magnum Graduate Photographers Award 2017, Jerwood/Photoworks Award 2017 e máis recentemente, nominada ao Paul Huff Foam 2018 e 2019 e a oitava edición do Prix Pictect 2019.

En 2018 entrou na Axencia Magnum como membro nominado.

Lua participou en numerosas exposicións colectivas no Reino Unido, Portugal, España, Croacia, Eslovenia, Alemaña, na Arxentina e na China.

A súa primeira exposición en solitario foi producida por GRAIN Photography Hub and Network for the West Midlands e atópase actualmente en Ffotogallery, Cardiff.

Biografías

Artistas



Bandia Ribeira

As Pontes, 1980
Fotógrafa
bandiaribeira.com

Licenciada en Ciencias Políticas pola Universidade de Santiago de Compostela,

realiza un Posgrado de Fotoxornalismo na Universitat Autònoma de Barcelona e posteriormente realiza tamén a carreira de Fotografía Documental na Universidade do Sur de Gales, graduándose en 2015.

Traballou profesionalmente como xornalista en medios de comunicación como o xornal El Progreso ou a axencia de noticias portuguesa Lusa. Artisticamente participou en exposicións individuais e colectivas en Gales, Cataluña, Romanía, Alemaña, Portugal e Galicia.

O seu traballo recibiu recoñecementos como o Premi Ciutat de Barcelona 2012 por un proxecto educativo arredor da fotografía no Centre de Donas Wad Ras, finalista Bartur Photobook Award 2015 e XII Premio de Creación Fotográfica Luis Kasado 2015. Foi tamén finalista para a Joan Wakelin bursary 2015 e para Ideas Tap Magnum Photos Photographer Fund 2016.

Na actualidade está a realizar un proxecto fotográfico de longa duración en Almería no entorno dos invernadoiros de produción intensiva de vexetais.



Nicolás Combarro

A Coruña, 1979
Artista visual, director e comisario
nicolascombarro.com

Nicolás Combarro emprega diferentes formas artísticas

como a fotografía, a instalación ou o cine, é ademais docente e comisario independente de exposicións.

Como artista, ten realizado exposicións individuais en museos como a Maison Européenne de la Photographie (París), o CGAC (Santiago de Compostela), o MARCO (Vigo), o Palexco (A Coruña), Institut Français (Madrid), OCEMX (México DF) e en galerías como a Solo Galerie (París), Galería Moriarty (Madrid), Kwanhoon Gallery (Seúl), Galería Taché (Barcelona) ou a PABLO Gallery (Manila). Realizou pezas site specific na I Manila Bienale (Filipinas), Tabacalera (Madrid), Kreativquartier (Munich), 42 Salón Nacional de artistas (Cartaxena de Indias) e participou no Pavillón de España da XV Bienal de Venecia de Arquitectura, entre outros.

Obtivo bolsas e premios como a bolsa da Real Academia de España en Roma, 20ª bolsa Fotopress de La Caixa, Laureat de la Cité Internationale des Arts de París, o Premio Saab á mellor exposición do Festival Off de Photoespaña, Primeiro Premio de Fotografía INJUVE.

Dirixiu a longametraxe documental *Alberto García-Alix. La línea de sombra*, estreada no Festival Internacional de cine de San Sebastián e premiada en distintos festivais de cine como Guadalaxara ou Toulouse.

Entre outros, publicou os libros *Interventions* (RM), *Arquitectura y resistencia* (Editorial Cabeza de Chorlito) e *Arquitectura Espontánea* (Fundación La Caixa).

Biografías

Art followers



Eduardo Valiña

O Páramo (Lugo)
Licenciado en Historia da
Arte, artista e comisario
independente.

Durante os anos 2001,
2002 e 2003 é co-

comisario do Proxecto Procesalia para a Universidade de Santiago de Compostela no que participan artistas e institucións galegas, nacionais e internacionais. Asesor artístico e coordinador da galería Espacio 48 durante os anos 2002-2006. Dirixe, comisaria e coordina durante os anos 2001-2006 a Bienal SACO Arte Contemporánea para o concello de Sarria, Lugo. Realiza comisariados noutras institucións como a Fundación Eugenio Granell, o CGAC, a Cidade da Cultura de Galicia, a Fundación Luís Seoane, o Museo provincial de Lugo, Cultura Cádiz – Castillo de Santa Catalina, o Centro Cultural Marcos Valcárcel, etc. Coordina proxectos en institucións como o Museo de arte contemporáneo Esteban Vicente de Segovia ou a Fundación Caja Burgos, entre outras. Na actualidade traballa como Conservador xefe da Fundación Eugenio Granell de Santiago de Compostela.

Comeza a expor a finais dos noventa, centrando o seu discurso arredor da identidade, a cultura rural, a paisaxe humana e o territorio. Participa en diversas exposicións individuais e colectivas, tanto en Galicia como a nivel nacional, así como en Portugal, Cuba, Bruxelas, Romanía.... Destacan as exposicións O espectáculo da periferia para o Museo Barjola de Gijón e a Casa da Parra de Santiago de Compostela en 2009; Páramo no Museo provincial de Lugo en 2004; Palafitos e Vender parcelas de ceo no coro da Igrexa da Universidade, nos anos 2000 e 2001. En 2010 participa no proxecto de intervencións no medio natural da Ruta Fiz Vergara Vilariño, en Lúzara, Samos (Lugo). Participa en diferentes proxectos de intervención como Compañías convenientes para a Fundación Cela, ou en distintas edicións da Bienal Internacional de arte de Cerveira.

Colabora con diferentes iniciativas culturais, e presentou os seus proxectos en diferentes galerías, institucións e espazos culturais como DF, Espacio 48, Metro (Santiago de Compostela), Por amor a arte (Oporto), LX Factory (Lisboa), Jáal Photo Madrid, Off Limits (Madrid), O Armacén (Porto), República das artes (Vilanova da Cerveira), ou en Under the subway video art night (NY), entre outras.



Semiramis González

Xixón, 1988

Comisaria independente
e directora artística das
feiras JustMAD (Madrid) e
JustLX (Lisboa)
semiramisgonzalez.com

Está licenciada en Historia da arte e cursou o Master en Historia da arte Contemporánea e Cultura Visual no Museo Reina Sofía. Comisariou proxectos como 1-600 de Estefanía Martín Sáenz na galería Gema Llamazares (Xixón), *Cabestro* de Carol Caicedo en El Cuarto de Invitados, *En lo salvaje* no Centro de Arte de Alcobendas, o proxecto de novos artistas *Futuro Presente* na Sala Amadis dentro do Programa de Creación Joven de INJUVE, ou máis recentemente *Contra la piel*, dentro do programa Área 60 do TEA (Tenerife) coas obras de Gabriela Bettini, Rubén H. Bermúdez, Cristóbal Tabares e Valle Galera.

Traballou con museos e institucións como LABoral Centro de Arte de Gijón, Museu Es Baluard de Mallorca, PHotoEspaña, SCAN Tarragona (Festival Internacional de Fotografía), ou o Centro Atlántico de Arte Moderna (CAAM), entre outros.

Actualmente é tamén docente no Master de Fotografía Contemporánea e Proxectos Persoais da escola EFTI na materia "Outras posibilidades no visual: prácticas artísticas feministas e queer".

Biografías

Art followers



Javier Díaz-Guardiola

Madrid, 1976

Xornalista e comisario de exposicións
sietedeungolpe.es

Licenciado en Xornalismo pola Universidad Complutense de Madrid. Iniciouse profesionalmente na Axencia EFE e o diario ABC, así como en diferentes gabinetes de prensa. Colaborador de publicacións culturais como Turia. Coautor do libro *Madrid Creativa. Diccionario de 200 artistas imprescindibles que trabajan en la Comunidad de Madrid* (CAM, 2007), así como autor de numerosos textos para catálogos. Unha das súas últimas participacións editoriais colectivas foi o texto "Odio a los niños", para o libro *Biografía*, da artista Concha Martínez Barreto (Ed. Micromegas, 2017).

Foi comisario de *Circuitos'08*, o programa de promoción de arte nova da Comunidad de Madrid, *En proceso: disculpen las molestias* (galería Raquel Ponce, 2010), *Matar al mensajero. Jóvenes artistas y medios de comunicación de masas* (Galería Fernando Pradilla, 2013), *Yoknapatawpha*, de Branca Graza, en Espacio Sin Título (2014-2015); os stands de ABC en ARCO'16 e ARCO'17 (Cada-VER Exquisito); a colectiva *Sólo es sexo* (G. Fernando Pradilla, 2016) e *Los piscalabis del Cuarto* (El Cuarto de Invitados, Madrid, 2016). Da mesma natureza, pero fóra do cubo branco, destacan así mesmo os proxectos comisariados coas redes sociais como base de operacións, onde sobresaen *La familia Real. Al sol del membrillo*, co que se instaba aos artistas que quixesen colaborar a realizar un auténtico retrato da Familia Real low-cost, en 24 horas e moi por baixo do orzamento do pago a Antonio López para o seu Familia de Juan Carlos I, e as dúas edicións de *Alégrame esas pascuas* (2015 e 2016), nun desexo de resucitar a tradición de felicitar as festas do Nadal a través de felicitacións artísticas.

Formou parte, entre outras cuestións, do xurado do Premio Nacional de Artes Plásticas 2013, concedido a Carmen Calvo; dos equipos de asesores da IV, V, VI, VII e VIII edición do *Encontro de Artistas Novos* de Santiago de Compostela (dirixidos por Rafael Doctor), da I edición de *Mustang-Confluencias* (2014), de residencias *A Quemarropa* (2016); da I edición *Confluencias-Santander* (2016), galardoado co V Premio Pecca; e dos visionados de portafolios de PHotoEspaña 2016.

Na actualidade coordina as seccións de arte, arquitectura e deseño de ABC Cultural e é redactor-xefe de ABC de ARCO, a revista oficial da feira de arte contemporánea de Madrid. É autor do blogue de arte contemporánea *Siete de un golpe*.



Bases da convocatoria

Obxecto

O Departamento de Acción Cultural da Fundación Cidade da Cultura de Galicia convoca 40 prazas gratuítas para a participación no *IX Encontro de artistas novos Cidade da Cultura (EAN9)* que terá lugar na Cidade da Cultura de Galicia en Santiago de Compostela do 25 ao 29 de agosto de 2019.

Características

As 40 prazas terán 2 ámbitos de participación:

1. Autónómico, mediante o que se concederán un 50% das bolsas aos solicitantes nados ou residentes na comunidade autónoma de Galicia.
2. Nacional/Internacional, no que o 50% das bolsas serán concedidas aos solicitantes de procedencia tanto nacional como internacional.

Dentro do programa do *IX Encontro de artistas novos Cidade da Cultura (EAN9)*, celebrarase o «Foro Aberto», no que todos os participantes estarán obrigados a amosar os seus traballos mediante unha curta presentación a modo de conferencia de 10 minutos para a que o participante aportará o seu propio material audiovisual debidamente preparado e presentado con antelación. As presentacións realizaranse en español, galego ou inglés, e en ningún caso a institución facilitará tradución simultánea.

Dotación

Os 40 participantes no *EAN9*, obterán unha dotación que inclúe:

1. Matrícula de inscrición.
2. Estadía en réxime de pensión completa desde o domingo 25 de agosto ata o xoves 29 de agosto de 2019— ambas as dúas xornadas inclusive—
3. Transportes diarios ata a Cidade da Cultura de Galicia.

Durante o tempo de goce desta dotación, cada un dos seleccionados estará cuberto por un seguro de enfermidade e accidentes.

Os desprazamentos a Santiago de Compostela desde o lugar de residencia e posterior regreso serán sufragados polos beneficiarios.

Condições

Poderanse presentar todos aqueles profesionais nados entre 1984 e 2001, ambos os dous anos inclusive.

Reservaranse ata un máximo de 10 das 40 prazas a artistas maiores de 35 anos, tanto galegos, como nacionais ou internacionais.

A convocatoria é aberta e poderán concorrer a ela tanto estudantes e licenciados en Belas Artes —e afíns—, como todos aqueles que mediante a documentación presentada demostren ter unha traxectoria ou proxecto artístico.



Se a solicitude provén dun colectivo, aqueles dos seus membros que quixeran ser beneficiarios dunha das prazas deberán realizar solicitudes independentes.

Documentación

Para a obtención dunha das 40 prazas será condición non ter gozado dela en edicións anteriores do EAN.

A persoa solicitante deberá presentar vía email (encontro@cidadedacultura.org) a documentación detallada a continuación:

1. Boletín de inscrición. O boletín poderá ser descargado en formato pdf no web www.cidadedacultura.gal
2. Fotocopia do DNI ou Pasaporte.
3. Curriculum Vitae abreviado —máximo 1 páxina—.
4. Dossier de presentación do traballo artístico en formato dixital —máximo 15 páxinas—.

A documentación entregada non será devolta aos participantes.

Prazo de presentación

O prazo de admisión de solicitudes e documentación finaliza ás 15:00 horas do venres 28 de xuño de 2019.

Non se aceptará documentación recibida con posterioridade a esta data.

Decisión e publicación

O listado de admitidos será publicado no web cidadedacultura.gal o venres 19 de xullo de 2019.

Formalización de inscrición

As persoas seleccionadas deben subscribir a súa aceptación vía correo electrónico indicando nome e apelidos e número de DNI ou pasaporte (segundo o aportado na solicitude) na dirección encontro@cidadedacultura.org antes do 25 de xullo de 2019.

A ausencia desta confirmación será entendida pola organización como de declinación por parte do solicitante e recorrerase ao listado de suplentes.

O listado definitivo de inscritos publicárase o 26 de xullo de 2019.

Gravación e difusión de imaxes

Os seleccionados que subscriban a súa aceptación están aceptando a gravación e difusión da súa imaxe a través de medios en soporte papel ou dixital, así como das diferentes redes sociais das que a institución participe.

Aceptación das bases

A participación no EAN9 supón a aceptación total destas bases.

A institución resérvase o dereito de resolver, da forma que considere oportuna, calquera situación non prevista nas mesmas.

Máis información
encontro@cidadedacultura.org
www.cidadedacultura.gal



Gaiás, Cidade da Cultura de Galicia

A Cidade da Cultura preséntase como un punto de conexión de Galicia co resto do mundo e un motor para impulsar proxectos culturais innovadores. Construída no cumio do Gaiás, un dos montes que rodean Santiago de Compostela, o arquitecto norteamericano Peter Eisenman deseñou esta “cidade” que semella xurdir da terra para erixirse como unha icona da Galicia contemporánea, dialogando coa Compostela milenaria, Patrimonio da Humanidade e destino do Camiño de Santiago.

Este espazo, destinado á cultura, ao emprendemento e á tecnoloxía, acolle catro institucións culturais:

Museo Centro Gaiás. A súa beleza e flexibilidade convérteno no espazo perfecto para acoller exposicións de gran dimensión, eventos culturais e espectáculos de artes escénicas. É o centro cultural e artístico da Cidade da Cultura.

Biblioteca e Arquivo de Galicia. Preservan a memoria bibliográfica e documental da comunidade e actúan como cabeceiras da rede pública de bibliotecas e arquivos.

Centro de Emprendemento Creativo. Acolle a Axencia Galega de Industrias Culturais (AGADIC), que impulsa o tecido empresarial no sector cultural, un espazo de *coworking*, un viveiro de empresas e unha área de empresas TIC.

Centro de Innovación Cultural (CINC). É sede da Fundación Cidade da Cultura e da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, que aglutina os servizos tecnolóxicos da Administración galega.

Espazos naturais. O Bosque de Galicia, o Xardín Literario, o Xardín do Teatro e o Parque do Lago son os espazos verdes cos que conta o Gaiás. Lugares nos que gozar da natureza, descansar, practicar deporte e hábitos de vida saudables a través da súa rede de sendas e admirar novas caras da cidade de Compostela.



Museo Centro Gaiás

Referente arquitectónico do século XXI, o Museo Centro Gaiás é un dos edificios máis singulares e con máis posibilidades de uso da Cidade da Cultura, que aspira a converterse no centro expositivo de referencia de Galicia.

A espectacularidade da súa fachada, con case 43 metros de altura, e os seus máis de 16.000 metros cadrados de superficie que inclúen espazos expositivos, almacéns e obradoiros, permiten ao Museo Centro Gaiás despregar unha oferta de actividades expositivas e dinamizadoras do sector cultural que o converten nun centro activo e en continua renovación.

O Museo Centro Gaiás conta cunha superficie expositiva de 6.600 metros cadrados, dividida en tres plantas superiores e un grande espazo multifuncional na planta inferior, na que é posible materializar retos expositivos de diversa natureza.

Desde a súa inauguración en 2012, o Museo Centro Gaiás ten colaborado con institucións

culturais sobranceiras, entre as que se atopan o Centro Galego de Arte Contemporánea. CGAC, Daros Latinoamérica Collection, Fundación Cisneros. Colección Patricia Phelps, Heeresgeschichtliches Museum, Manchester Art Gallery, Migros Museum fur Gegenwartskunst, Museo Arqueológico Nacional, Museo de Arte Contemporáneo de Castilla y León. MUSAC, Museu d'Art Contemporani de Barcelona, Museo de la Catedral de Santiago, Musée D'Orsay, Museum of Modern Art. MoMA, Museo Nacional Centro de Arte Reina Sofía, Museo Nacional del Prado, Museo Sorolla, Museo Thyssen-Bornemisza, National Museum Wales, Patronato de la Alhambra y Generalife, Real Fábrica de Cristales de la Granja. Fundación Centro Nacional del Vidrio, RijksMuseum, The Scott Polar Research Institute, Victoria and Albert Museum e importantes coleccións privadas.



galicia
o bo camiño



Xacobeo 2021

[®] Sabadell
Fundación



XUNTA
DE GALICIA